

A LOCALIDADE IRLANDESA DE VALENTIA LEMBRA AOS MARINEIROS GALEGOS

O'Xedas

Hai xa uns meses tivo lugar na illa irlandesa de Valentia, no Condado de Ferry, un acto de homenaxe a 23 mariñeiros galegos (e un vasco) falecidos naquelas costas do Gran Sol. Fíxose unha ofrenda floral e inaugurouse un monolito que contén unha lenda en galego, castelán, gaélico e inglés cos nomes dos 24 tripulantes de diferentes barcos e a data do seu pasamento. O acto estivo presidido polo ministro irlandés de Asuntos Rurais, Eamon O'Cuiv. Tamén asistiron a conselleira de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño da Embaixada de España no Reino Unido, o cónsul honorario de España en Cork e representantes das autoridades locais do Condado de Kerry.

A Embaixada española e as autoridades irlandesas salientaron nos seus discursos a dimensión humana do acto, a importancia económica das actividades pesqueiras e os fortes vínculos emocionais que existen entre Galicia e Irlanda, especialmente coa illa de Valentia. Actualmente, dos 160 barcos españois que faenan no Gran Sol, 115 son galegos e o resto, da cornixa cantábrica.



O cemiterio durante a homenaxe // O'Xedas



Illa de Valentia // O'Xedas

BUCANEIROS DE HOXE

Recuncho literario

Xaime Toxo

Cando estaba durmindo senti un lixeiro proído no peito que non chegou a espertalo. Ao rematar de ducharse, observou no espello que lle saíran uns puntos negros entre as mamilas. Vestiuse e apurou. Esa mañá tiña unha reunión co Consello de Accionistas. Ocupou a súa cadeira de Presidente e comezaron. Tres horas despois, as molestias do proído obrigárono a saír da reunión. Tirou a garabata, abriu a camisa e ollou que os puntos formaran un debuxo. Arrimouse ao espello do baño do despacho. Non podía ser. Enxergouno con calma, era o que lle parecera, unha caveira con dúas tibias cruzadas. Pingas de suor escorregáronlle polas tempas. Lavou a cara, compúxose e regresou á reunión. Esa noite en casa volveuna mirar, ocupara todo o seu peito. Deitouse e soñou co mar. Pola mañá, cando soou o espertador, notou unha rixidez na perna dereita. Tocouna e deu un chimpno na cama. Do xeonllo para abaixo a perna era un cacho de madeira. – Non!- berrou. Espertou a muller. – Que tes?- preguntoulle. – Noto algo raro na perna-

díxolle. - Eu míroa coma sempre-. Cruzou o vestíbulo titánico do banco axexando se alguén se decatara que camiñaba arrastrando unha perna de madeira. Nun descanso da Xunta de Accionistas, pediulle ao médico de empresa se lle podía mirar o peito, notaba unha opresión. Abriu a camisa, a caveira cubría dende as mamilas ata o embigo. -Non encontro nada raro- opinou despois de auscultalo. O chofer deixouno en casa. Decidiu que durmiría máis cómodo sen a media perna. Amenceu cun parche negro tapándolle a conca baleira do ollo esquerdo. A chosqueira levouno a cortarse mentres se barbeaba. Esa mañá o Consello aprobou elevar o prezo das hipotecas e lanzar dous novos produtos de alto risco. Xantou co Vicepresidente e varios accionistas. Non ceou e deitouse esgotado. O vindeiro día tiña que presidir a Xunta Xeral de Accionistas, unhas mil persoas. Erguese cedo, non alborexara. Aparecéralle un pano negro anoado na caluga cubríndolle a cabeza. Colocou o parche, amarrou a perna e vestiu a roupa que lle deixara preparada a doncela: unha casaca vermella, unha blusa con voantes e un bombacho de raias amarelas e negras. Os mil aplaudiron de pé cando se situou diante do micrófono para abrir a reunión. ¡Viva a Santa Irmandade dos Mares! - bradou-. Á abordaxe, pasarémolos a coitelo.

Humor mariñeiro

Luís Davila

